



Editorial Tempo Exterior nº47: A percepción de Galicia en Portugal e os países lusófonos

Descrición

De feito, en Galiza contamos cunha indubidable vantaxe ao situarnos entre dous sistemas lingüístico-comunicativos importantes na escala mundial, o español e o portugués. Sen entrar en debates filolóxicos de se o galego é unha variante do portugués ou un idioma independente, o que resulta evidente é que os nenos e nenas do país desde ben pequenos coñecen dous sistemas de expresión non moi alonxados que cultivan case 1.000 millóns de persoas. Non só iso, poden comprender ao mesmo tempo a forma e organización do espazo digamos *hispana*, co Estado Español e unha maioría de Estados-nación da América Latina, sen esquecer unha forte presenza en Estados Unidos, e a característica da lusofonía con Portugal, Brasil, os PALOPs e algúns territorios asiáticos. Quizás a primeira preséntasenos como máis próxima, polo efecto dun sistema educativo españolizante. Para a segunda debemos ter máis sensibilidade, aprender por fora e aproveitar calquera ocasión como a presente que nos ofrece este número especial de Tempo Exterior para coñecela mellor e sentirnos do mesmo xeito integrantes da mesma.

Neste número 47 da revista decidimos centrarnos na visión que desde o mundo de fala portuguesa se ten de Galiza. Ademais, procuramos manter unha relativa diversidade territorial e temática nas olladas dos cinco artigos que conforman o número. Tres deles proveñen do Norte de Portugal, da contorna da cidade e da universidade do Porto. Unha institución fortemente vinculada ao noso país por Fundacións transnacionais como o CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais), programas de mobilidade de investigadores como o IACOBUS e por centos de relacións bilaterais entre profesores, doutorandos e equipas conxuntas de traballo. Desde este extremo Sur da vella Gallaecia romana, o catedrático de Xeografía Jose A. Rio Fernandes escribe sobre o Norte do Norte, Galiza concibida como o remate da fachada atlántica peninsular que Portugal non puido incluír no seu territorio Ibérico occidental. Un Norte do Norte que constitúe a prolongación xeográfica, e cada vez máis, económica da rexión metropolitana do Porto e do Minho, que tamén procuran autonomizarse un tanto do forte centralismo exercido por Lisboa.

Nun plano máis espacial, Helena Madureira, Ana Monteiro e María Pacheco, compañeiras de José A. Rio Fernandes na Xeografía do Porto, preocupáanse polos efectos do cambio climático nas cidades principais do eixo galego-portugués. Unha mudanza nas temperaturas que se acompaña dunha evidente moderación do frío invernal e, sobre todo, dos episodios extremos de calor nas cidades compactas, que son o obxectivo do seu estudo. Neste artigo, de novo a vella Gallaecia mostra a súa continuidade espacial ao Norte do Douro e até a Estaca de Bares; outra vez, nas lóxicas xeográficas as continuidades entre as terras situadas ao Norte e ao Sur do Miño son moito máis importantes que as rupturas. Pola súa banda, unha investigadora puramente transfronteiriza, sempre situada entre o Porto, Braga e Santiago de Compostela, a Inés Gusman Barbosa, ocúpase de reinterpretar o seu país orixinario, Portugal, a partir das relacións cambiantes con Galiza. No texto, comézase afirmando que o noso país sempre resultou incómodo para a cosmovisión oficial portuguesa, xa que a interrupción da continuidade da República en todo o litoral occidental ibérico e a existencia dunha lingua irmá

tiñan algunhas dificultades en ser explicadas. Coa entrada dos Estados-nación ibéricos nas institucións europeas, as percepcións e a redución de Galiza a unha parte simple de España, foron mudando. Desenvolveuse unha forte cooperación transfronteiriza no plano cultural, económico e político. A existencia dunha autonomía rexional forte ao Norte do Miño tamén se analiza e a súa influencia no Norte portugués, de cara a inspirar proxectos inacabados de rexionalización de Portugal. Sen dúbida, esta consideración autónoma deixase sentir e outorga unha nova dimensión ao noso país nas iconografías territoriais do veciño do Sur.

Un país de fala portuguesa con importancia na escala mundial é Brasil. Sobre as tradicionais relacións Galiza-Brasil, construídas a partir do nexu migratorio, escribe Eulalia Negrelos, profesora de urbanismo da Universidade de São Paulo. A pesar da súa indubidable memoria de identidade galega, a autora adopta a perspectiva do seu país, Brasil. Olla a tradición migratoria de Galiza desde o século XIX, que logo personaliza nunhas páxinas de enorme atractivo coa súa familia. A partir da ollada dos pais interpreta o territorio galego, un territorio que logo pasa a analizar como experta en urbanismo nunha universidade. O xogo da interpretación xeográfica dobre permanece nun texto, que implica reflexión académica e vivencia ao mesmo tempo. Por último, Luzia Oca et al. sitúannos nas relacións de Cabo Verde con Galiza tamén a través da emigración. Fano a través dun traballo etnográfico de base audiovisual admirable, no que as mulleres contan a súa experiencia entre os dous países, dous continentes e no fondo entre dous mundos. Para Cabo Verde o territorio galego está preto grazas á colonia de orixinarios da illa que vive en Burela, pero aínda así a existencia de dúas realidades contrastadas e complementarias mantén a súa vixencia. Isto é o que se mostra no traballo a través dun método de investigación académica admirable.

Para concluír unha última reflexión. Galiza é próxima ao mundo de fala portuguesa. É distinta segundo o lugar e o país desde onde se olle. Desta diversidade de lecturas, construímos este número especial que, agardamos, sexa do seu interese.

[Podes descargar o Tempo Exterior 47 nesta desde aquí.](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

ETIQUETAS

Lusofonía Portugal

INVESTIGACION

Paradiplomacia Observatorio Gallego de la Lusofonía

Fecha de creación

febrero 27, 2024

Campos meta

Autoria : 101503